



REVENIDAS

PLAN DE MEDIDAS CONTRA AGRESIÓN

VILAXOÁN DE AROUSA
7 - 8 - 9 - 10 SETEMBRO 2023

PLAN DE MEDIDAS CONTRA AGRESIÓNS

Plan de medidas da campaña sensibilización dirixida ao público asistente ao festival para evitar calquera tipo de agresión sexista no mesmo.

Crearase un plan de lecer non sexista e un protocolo de actuación que se lle proporcionará ao persoal de seguridade así coma unha normas básicas para as persoas que vaian ao festival.

Neste protocolo deixaremos claras que tipo de condutas non son aceptables neste espacio seguro de igualdade.

Se ocorrese algunha destas accións o persoal de seguridade sería o encargado de expulsar ás persoas do recinto ou avisar ás forzas de seguridade se fose preciso.

EN REVINDAS ANTE CALQUERA TIPO DE AGRESIÓN NON SEXISTA TOLERANCIA CERO!

Axentes de igualdade darán formación de igualdade e de actuación ante posibles agresións machistas tanto ao persoal propio do festival, como aos responsables de seguridade.

Compartirase o Plan de Lecer non Sexista na páxina web e nas redes do festival e nas pantallas do festival e farse en redes especial fincapé na tolerancia cero no noso festival e na vida en xeral coas condutas e agresións machistas.

Línea de whatsapp lila, atendida por unha axente de igualdade para denunciar agresións sexuais que será difundido en redes e nas pantallas do festival.

Cordinación co Concello de Vilagarcía e coas forzas de seguridade pública, xa que é un tema no que as competencias son municipais, para ver eivas e reforzas zonas conflitivas con axentes, e iluminación.